

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 9 DE NOVEMBRO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

#### **DECRETOS**

##### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

##### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Ponteareas do treito antigo da estrada provincial EP-4006 Ponteareas-As Neves, denominado Avenida Sarmiento Rivera.

#### **ACORDOS**

##### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se toma razón da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a proxectos tractores para o turismo na contorna do Camiño de Santiago, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria como expediente anticipado de gasto para os anos 2024 e 2025, por un importe total de catro millóns de euros (4.000.000,00 €).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Industria e Innovación e a Asociación para a Dixitalización da Industria de Galicia (DIHGIGAL) para a elaboración de diversas actuacións asociadas á planificación industrial da Comunidade Autónoma de Galicia, por importe de douscentos mil euros (200.000,00 €).

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación administrativa, suxeita a regulación harmonizada, do servizo de atención residencial a persoas maiores en situación de dependencia en dúas residencias de maiores en Santiago de Compostela e Lugo. Tramitación anticipada do gasto. Contrato reservado a entidades de iniciativa social ao abeiro da normativa de contratos do sector público. Importe de licitación: dez millóns novecentos trinta e dous mil catrocentos oitenta euros (10.932.480,00€). Valor estimado: dezaoto millóns novecentos vinte e un mil seiscientos euros (18.921.600,00 €).

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o inicio do trámite de audiencia e de información pública do proxecto de decreto polo se modifica o Decreto 105/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantía e tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo polo Concello de Barro para a construción dun novo centro de saúde.

### CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a concesión de anticipos de ata o 80 %, derivados da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede a súa convocatoria no ano 2024, por un importe total de dez millóns novecentos corenta e sete mil oitocentos noventa e nove euros con setenta e cinco céntimos ( 10.947.899,75 €) e tramitado como anticipado de gasto.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto da Lei de cooperativas de Galicia.
- Acordo polo que se aproba a Estratexia Impulso Autónomo Horizonte 27: O teu emprego, á túa medida.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Fundación Juana de Vega para o financiamento do programa Remuda no marco da Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego, así como o desenvolvemento das actividades necesarias para a integración na dita rede dos novos polos de emprendemento e apoio ao emprego nos concellos de Baños de Molgas, Sarria e Vilanova de Arousa, por un importe de cento sesenta mil euros (160.000 €).

## CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón da licitación, por procedemento aberto, dun servizo de asesoramento a posibles beneficiarios/as das axudas á pesca, á acuicultura, á transformación e a comercialización dos produtos da pesca e da acuicultura xestionadas pola Consellería do Mar e financiadas polo FEMPA 2021-2027, por un valor estimado de tres millóns novecientos corenta e sete mil cincocentos sesenta e dous con corenta e nove (3.947.562,49 €).

## INFORMES

### VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre a Galicia verde.

### CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre o incremento retributivo do 0,5 %, no ano 2023, ao persoal empregado público en función da evolución do IPC.

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a convocatoria de axudas para proxectos de mellora enerxética, dirixidas a autónomos e pemes do sector servizos (programa Bono enerxía peme), anualidade 2024, polo procedemento de tramitación anticipada.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES

- Informe sobre as accións que desenvolve a consellería nos centros educativos en materia de patrimonio cultural, con especial referencia ao novo proxecto experimental Rede de centros Ponte... nas Ondas!

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA AVANZA QUE A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DA ADMINISTRACIÓN XERAL PARA 2023 ASCENDE A 1.102 PRAZAS, DAS QUE O 55% SON DE ACCESO LIBRE**

- Resalta que o Goberno galego “esgota un ano máis” a taxa de reposición que marca o Estado
- Salienta que a OPE inclúe “606 prazas de acceso libre, máis de 300 prazas para a promoción interna e 187 para continuar co proceso voluntario de funcionarización do persoal laboral fixo”
- O maior número de postos de acceso libre concéntrase no ámbito da loita e prevención de incendios forestais

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou que o Consello aprobou hoxe o decreto de oferta de emprego público (OEP) da Administración Xeral da Xunta e das entidades instrumentais do sector público autonómico para este ano 2023 que ascende a 1.102 prazas, “das que o 55% son de acceso libre”. En concreto, explicou, vanse ofertar “606 prazas de acceso libre, 309 para promoción interna e 187 para avanzar no proceso de funcionarización do persoal laboral fixo”.

Este decreto apróbase logo de recibir o voto favorable dos sindicatos CC.OO. e UXT, e será publicado nos vindeiros días no Diario Oficial de Galicia (DOG). Deste xeito, tal e como resaltou o presidente, o Goberno galego “esgota un ano máis a taxa de reposición imposta polo Executivo central” para cubrir xubilacións, falecementos, renuncias, excedencias ou altas e baixas producidas por concursos de traslados a outras administracións.

A OEP de 2023 inclúe 300 prazas para a promoción interna do persoal funcionario de carreira e outras nove para promoción interna nos entes instrumentais; e 187 postos para continuar co proceso de funcionarización voluntaria do persoal laboral fixo da Xunta pactado no Acordo de concertación para a mellora das condicións do emprego público, asinado en 2019 cos sindicatos CC.OO. e UXT.

A oferta de prazas aprobada hoxe ten a finalidade de garantir a posibilidade de que calquera persoa que cumpra os requisitos poida acceder a un posto de traballo de alta calidade na Xunta de Galicia; que os empregados públicos que xa traballan na Administración galega con carácter temporal poidan consolidar os seus postos de traballo; garantir o dereito á promoción profesional dos empregados públicos; e continuar co proceso de funcionarización voluntaria do persoal laboral fixo.

#### **Prazas de acceso libre**

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Rueda salientou que o maior número de prazas de acceso libre concéntrase no ámbito da loita e prevención contra incendios forestais. Serán "máis da metade" dos postos ofertados con 334 prazas: 181 na categoría de bombeiro/a forestal; 75 na de bombeiro/a forestal condutor/a; ou 71 na de bombeiro/a forestal xefe/a de brigada.

Outras 94 prazas serán para administración xeral (corpo superior, de xestión e administrativo, persoal subalterno..); dez para reforzar o persoal do Igape (4) e o Instituto para o Control do Medio Mariño en Galicia (6) e 168 para administración especial nas que cómpre destacar, entre outras, 40 prazas para a escala de axentes técnicos en xestión ambiental; 30 na escala de veterinarios; 25 prazas na escala de auxiliares de clínica; 19 prazas para o corpo superior A1; 16 prazas para a escala de sistemas e tecnoloxía da información; ou 15 prazas para a especialidade de psicoloxía e para a especialidade de enfermaría, respectivamente. A todas estas prazas de libre acceso poderá acceder calquera persoa que cumpra os requisitos exixidos nas correspondentes convocatorias.

### **Promoción interna**

Ás prazas de acceso libre súmanse outras 300 prazas para a promoción interna do persoal funcionario, uns procesos reservados a empregados públicos que xa son funcionarios e que poden acadar un ascenso ou promoción profesional a postos de traballo de maior responsabilidade e retribución. Ademais, engádense outras nove prazas para a promoción interna nos entes instrumentais.

### **Funcionarización**

Así mesmo inclúense 187 prazas para continuar co proceso voluntario de funcionarización do persoal laboral fixo. Estas probas non teñen carácter competitivo, senón que permiten modificar o réxime xurídico do traballador, que pasa de ser empregado laboral fixo a funcionario de carreira da Administración.

### **Prazas reservadas para persoas con discapacidade**

A reserva de prazas para persoas que acrediten discapacidade nesta oferta de emprego público acada o 11,25 % das prazas. Unha parte delas será para o acceso de persoas con discapacidade intelectual. A reserva é maior do que establece a lexislación, que marca un mínimo do 7 % para facilitar o acceso da discapacidade á función pública.

O presidente da Xunta indicou que en vindeiros Consellos se aprobarán as datas previstas dos examen para que aquelas persoas que están preparando as oposicións teñan "unha orientación" de cando terá lugar o proceso selectivo.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### ANEXOS DE PRAZAS

- Prazas de acceso libre:

Administración xeral	Total prazas
Corpo superior (subgrupo A1)	19
Escala de letrados	10
Escala de sistemas e tecnoloxía da información	16
Escala superior de finanzas	8
Corpo de xestión (subgrupo A2)	
Escala técnica de finanzas	8
Corpo administrativo (subgrupo C1)	
Escala de axentes de inspección:	
Especialidade vixilancia de estradas	10
Especialidade mobilidade	4
Agrupación profesional:	
Escala de persoal subalterno	10
Escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais:	
Especialidade persoal de limpeza e cociña	9
<b>Total</b>	<b>94</b>

Administración especial	Total prazas
Corpo facultativo superior (subgrupo A1)	
Escala de enxeñeiros/as:	
Especialidade enxeñaría de camiños, canais e portos	10
Escala de veterinarios	30
Escala de facultativos:	

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Especialidade medicina	10
Especialidade psicoloxía	15
Corpo facultativo de grao medio (subgrupo A2)	
Escala de enxeñeiros/as técnicos/as:	
Especialidade enxeñería técnicas de obras públicas	6
Escala de técnicos facultativos:	
Especialidade enfermaría	15
Especialidade educadores sociais	8
Corpo de técnicos de carácter facultativo (grupo B)	
Escala de axentes técnicos en xestión ambiental	40
Corpo de axudantes de carácter facultativo (subgrupo C1)	
Escala técnica de condución	9
Corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial (subgrupo C2)	
Escala de auxiliares de clínica	25
<b>Total</b>	<b>168</b>

<b>Prazas de persoal laboral</b>	<b>Total prazas</b>
III.100 Bombeiro/a forestal xefe/a de brigada	71
V.14 Bombeiro/a forestal	181
V.14a Bombeiro/a forestal condutor/a	75
V.10F Peón forestal	7
<b>Total</b>	<b>334</b>

<b>Entes Públicos instrumentais</b>	<b>Total prazas</b>
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)	4

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia	6
<b>Total</b>	<b>10</b>

### Total prazas de acceso libre: 606

- Prazas de promoción interna persoal funcionario de carreira:

Administración xeral	Total prazas
Corpo superior (A1)	20
Corpo de xestión (A2)	60
Corpo administrativo (C1)	100
Corpo auxiliar (C2)	120
<b>Total</b>	<b>300</b>

- Prazas de promoción interna entes instrumentais:

Entes públicos instrumentais	Total prazas
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia	8
Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.	1
<b>Total</b>	<b>9</b>

### Total prazas de promoción interna: 309

- Prazas para continuar co proceso de funcionarización:

Corpo, escala e especialidade	Total prazas
Corpo facultativo de grao medio (subgrupo A2)	
Escala de técnicos facultativos:	
Especialidade educador/a social	17
Corpo de técnicos de carácter facultativo (grupo B)	

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Escala técnica de delineantes	1
Corpo de axudantes de carácter facultativo (subgrupo C1)	
Escala técnica de gobernantes/as:	
Especialidade gobernante/a	7
Corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial (subgrupo C2)	
Escala auxiliar de coidadores	32
Agrupación profesional (AP)	
Escala de persoal de mantemento	34
Corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (A1)	1
Corpo facultativo superior da Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala de ciencias, especialidade de Bioloxía (A1)	10
Corpo facultativo superior da Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala de enxeñeiros, especialidade enxeñaría de Montes A1)	4
Corpo facultativo de grao medio da Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala de enxeñeiros técnicos, especialidade enxeñaría técnica forestal (A2)	1
Corpo facultativo de grao medio de Administración especial da Administración xeral da CC.AA. de Galicia escala técnica de restauración-especialidade de documentos gráficos (A2)	1
Corpo administrativo da Administración xeral da Xunta de Galicia, escala de axentes de inspección, especialidade Mobilidade (C1)	2

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Agrupación profesional de persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala de persoal subalterno (AP)	3
Agrupación profesional de persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, especialidade de persoal de limpeza e cociña (AP)	74

**Total prazas proceso funcionarización: 187**

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE PONTEAREAS DA AVENIDA SARMIENTO RIVERA

- Transfírense á entidade local o treito antigo inicial, de 323 metros, da vía provincial EP-4006, que comunica Ponteareas e As Neves
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade a entidade local terá a competencia para actuar neste treito e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Ponteareas do treito antigo da estrada EP-4006, denominado no rueiro municipal avenida Sarmiento Rivera.

O Concello de Ponteareas e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio en que estableceron a obriga da entidade municipal de solicitar a transferencia de titularidade deste viario.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable ao cambio de titularidade do treito antigo inicial da EP-4006, que comunica Ponteareas e As Neves, de 323 metros de lonxitude.

A transferencia a prol do Concello de Ponteareas tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, a proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.


Co cambio de titularidade, o Concello de Ponteareas terá a competencia para actuar neste treito antigo da estrada EP-4006 e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plano do treito antigo da EP-4006 obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA LANZA UNHA NOVA LIÑA DE AXUDAS DE 4 M€ PARA A CREACIÓN DE ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS EN EMPRAZAMENTOS SENLLEIROS DO CAMIÑO DE SANTIAGO**

- Apoiarase a rehabilitación sustentable, eficiente e accesible dos edificios para o seu uso como establecementos de aloxamento ou de restauración
- A orde de subvencións para pemes e grandes empresas diferencia dúas tipoloxías de proxectos, que poderán recibir desde o 15 % ata o 80 % do investimento previsto
- Subvencionaranse, por unha banda, os que se fagan en infraestruturas emblemáticas do patrimonio arquitectónico e fomenten a competitividade e sustentabilidade
- Por outro lado apoiaranse os que leven aparellada a posta en valor ou rehabilitación dun ben de interese cultural e un programa de turismo cultural asociado

O Consello da Xunta informou hoxe da creación dunha nova acción de apoio para fomentar o turismo sustentable e cultural, o mantemento e rehabilitación do patrimonio senlleiro galego con fins turísticos, a dinamización do rural, a creación de emprego e a ampliación da oferta de aloxamento e restauración no Camiño de Santiago. A Xunta de Galicia destina para esta acción un total de 4 M€ no marco do Plan Xacobeo Next Generation.

En concreto, esta nova liña de axudas diferencia dous tipos de proxectos: os que fomenten a competitividade e sustentabilidade turística en establecementos senlleiros e os que busquen dinamizar o turismo cultural coa posta en valor de bens de interese cultural. En ambos casos levará asociado a creación de novos establecementos que poden ser de aloxamento ou de restauración (restaurantes, cafetarías ou bares) e que estean situados en concellos do Camiño de Santiago. Tamén en ambos os casos as axudas van dirixidas a pequenas, medianas ou grandes empresas.

Na tipoloxía referida a proxectos que fomenten a competitividade e sustentabilidade turística, os novos establecementos deberán situarse en infraestruturas emblemáticas do patrimonio arquitectónico ou etnolóxico de Galicia tipificados na Lei de patrimonio cultural de Galicia. Terán que contribuir á transición verde e creación de emprego na contorna do Camiño de Santiago.

Deberán cumprir como mínimo dous destes tres requisitos: crear polo menos cinco postos de traballo directos, crear vínculos con axentes públicos e privados do territorio que poidan exercer un efecto positivo no sector turístico e promover o turismo sustentable mediante a implantación de novas fórmulas de xestión como o uso de produtos de proximidade ou ecolóxicos, implantación de fórmulas de reciclaxe ou programas de actividades ou sensibilización medioambiental para os usuarios.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A segunda tipoloxía de proxectos ten que ver cos que dinamicen o turismo cultural. Neste caso a creación do establecemento turístico debe ir aparellada á posta en valor e mellora ou rehabilitación dun Ben de Interese Cultural. Débese garantir que polo menos un 80 % da capacidade temporal ou espacial anual do establecemento se destine a fins culturais, para o que se debe achegar un programa de actividades anual ou calendario co réxime de visitas apertura e peche ou, se é o caso, planos da infraestrutura e acreditación dos metros cadrados visitables ou de desenvolvemento de actividades culturais vinculadas a posta en valor do ben. Sempre se deberán respectar os requirimentos mínimos establecidos pola lexislación patrimonial e a restante normativa sectorial aplicable.

### **En concellos da ruta xacobeá**

Estas subvencións comprenden tres tipos de axudas: a rehabilitación sustentable dos edificios, a posta en marcha de medidas enerxéticas e mellora de accesibilidade.

No caso dos proxectos tractores de competitividade e sustentabilidade turística, poderase subvencionar unha contía máxima do 35 %, 25 % ou 15 % do proxecto dependendo de se se trata dunha pequena, mediana ou grande empresa. No caso dos dinamizadores do turismo cultural, poderán optar a unha axuda máxima dun 80 % dos custos subvencionables ata o límite máximo de 2,2 M€ por proxecto

Os proxectos deberán ascender a unha contía mínima de 300.000 euros de investimento e soamente se admitirán os situados naqueles municipios onde transcorra o trazado do Camiño de Santiago. A liña de subvencións é de concorrencia non competitiva e o prazo de presentación de solicitudes será de catro meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia* aprobada hoxe no Consello da Xunta.

### **Plan Xacobeo Next Generation**

Esta liña de subvencións enmárcase nos distintos proxectos que a Xunta de Galicia está facendo realidade cos fondos europeos que foron asignados á Comunidade galega co Plan de recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea. En concreto, forma parte dos 39,2 M€ -dos que a Xunta xestiona directamente máis de 31 M€- cos que se puxo en marcha o Plan Xacobeo Next Generation. Ademais desta liña de axudas, este plan inclúe a sinalización da rede cicloturística Eurovelo, que está en execución ou o proxecto de revalorización da Ruta Traslatio, xa executada. Este Plan Xacobeo Next Generation comprende tamén a rehabilitación de 12 BIC do Camiño de Santiago, dos que a Xunta mobilizou xa máis do 80 % destes fondos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA E DIHGIGAL COLABORARÁN NA ELABORACIÓN DUN MAPA INDUSTRIAL DA COMUNIDADE E NO DESEÑO DE MEDIDAS DE IMPULSO DA INDUSTRIA GALEGA**

- O Goberno galego e a Asociación para a dixitalización da industria de Galicia (DIHGIGAL) asinan un convenio de colaboración para poñer en marcha accións que melloren a competitividade industrial
- Impulsarase unha rede de informantes para identificar as demandas do tecido industrial e poder deseñar programas estratéxicos sectoriais

O Consello da Xunta acordou esta mañá asinar un convenio de colaboración coa Asociación para a dixitalización da industria de Galicia (DIHGIGAL) por importe de 200.000 euros para poñer en marcha varias actuacións en materia de planificación industrial.

Grazas a este convenio realizaranse accións encamiñadas a impulsar a promoción industrial e a coñecer a realidade da industria galega actual; detectar as necesidades e demandas do tecido industrial; buscar de xeito coordinado e consensuado solucións eficientes para a mellora da competitividade e produtividade industrial; e crear unha rede de información e comunicación permanente entre as institucións públicas e a industria galega.

Un dos principais obxectivos deste acordo é a colaboración para a elaboración do Mapa Industrial de Galicia, unha ferramenta prevista no proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas e que se centrará en tres eixos: as empresas industriais, o territorio e o solo industrial. Tratarase de definir cada variable co maior detalle posible, así como determinar a estrutura de datos que lle dea soporte e os requisitos da sistemática e frecuencia mínima de actualización necesarios para a súa posterior dixitalización.

Ademais, impulsarase unha rede de informantes sectoriais e territoriais para recoller as demandas e necesidades do tecido industrial galego e tamén se definirá un cadro de mando de promoción industrial coa determinación da sistemática de actualización permanente.

Por outra banda, o convenio recolle a colaboración na definición de medidas dirixidas a impulsar e fomentar sectores industriais prioritarios, que serán seleccionados segundo os resultados do mapa industrial ou atendendo á súa especial relevancia dentro da economía galega, en liña coa nova estratexia industrial prevista no proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas. Darase resposta, deste xeito, ás necesidades detectadas a través da rede de informantes. De xeito complementario procederase a

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

propoñer a priorización das liñas de actuación vinculadas aos distintos programas estratéxicos e a realizar unha planificación temporal das actividades.

Ademais contémplanse actuacións para dar a coñecer e difundir a promoción industrial, como é o caso da celebración de eventos e accións de dinamización.

A través deste convenio, a Xunta pretende seguir avanzando no desenvolvemento, promoción e coordinación da política industrial da Comunidade co obxectivo de mellorar a competitividade da industria galega, dando resposta ás súas principais necesidades e favorecendo a creación de emprego estable e de calidade. Neste obxectivo contará con DIHGIGAL, que está integrada por unha ampla variedade de socios que representan o conxunto do tecido industrial galego desde diferentes ópticas de coñecemento (clústeres, centros tecnolóxicos, universidade e empresas) e que ten entre as súas finalidades promover unha visión estratéxica industrial a longo prazo para a mellora competitiva e o desenvolvemento sustentable.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DO CONTRATO PARA A XESTIÓN SOCIAL DAS NOVAS RESIDENCIAS PÚBLICAS DE MAIORES DE SANTIAGO E LUGO CONSTRÚIDAS POLA FUNDACIÓN AMANCIO ORTEGA**

- A duración inicial do contrato será de dous anos e o orzamento de licitación é de 10,9 millóns de euros
- Porase a disposición das familias 240 novas prazas públicas para a atención a persoas maiores en situación de dependencia, 120 en cada un destes centros

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación do contrato para a xestión social das residencias públicas de maiores de Santiago de Compostela e Lugo, dúas das que financia, constrúe e equipa a Fundación Amancio Ortega nas sete cidades de Galicia.

Deste xeito, o Goberno galego dá un novo paso para a próxima entrada en funcionamento destes dous centros, despois de que fai soamente dúas semanas fora entregada chave en man á Administración autonómica a residencia levantada no barrio santiagués de O Castiñeiriño. A residencia de Lugo será a próxima que pasará a formar parte da rede pública da Xunta.

Os dous centros terán unha xestión social, xa que o procedemento de licitación está reservado para entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro. A duración inicial do contrato será de dous anos, coa posibilidade de prorrogalo por un ano máis, e o orzamento de licitación é de 10,9 millóns de euros.

A entrada en funcionamento destas dúas residencias porá a disposición das familias 240 novas prazas públicas para a atención a persoas maiores en situación de dependencia, 120 en cada unha delas.

Tras este acordo de Consello, procederase a publicar o anuncio de licitación na plataforma de Contratos Públicos de Galicia e no Diario Oficial da Unión Europea, concedendo un prazo de 30 días para que as entidades sociais presenten as súas ofertas.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA A INCORPORACIÓN DE SETE NOVAS PATOLOXÍAS AO SISTEMA DE GARANTÍA DE TEMPOS MÁXIMOS DE ACCESO ÁS PRESTACIÓNS SANITARIAS**

- Destaca que supón ter acceso a unha primeira consulta de especialista e a unha proba diagnóstica en menos de 45 días, e unha intervención cirúrxica en menos de 60 para patoloxías graves de cancros de mama, colon, próstata, pulmón, cabeza e pescozo, vexiga, melanoma, endometrio e oncohematoloxía
- Salienta o reforzo da atención á saúde das mulleres estendendo o sistema de garantías ás lesións potencialmente malignas do aparello reprodutor feminino
- Desde a implantación desta norma, a sanidade pública galega atendeu máis de 270.000 persoas nos tempos máximos estipulados

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a incorporación de sete patoloxías novas ao sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias. Deste xeito, destacou que se elevan, ata acadar as 115, o número de patoloxías graves que van ter garantido o acceso a unha primeira consulta de especialista e a unha proba diagnóstica en menos de 45 días, e a unha intervención cirúrxica en menos de 60 días, ademais de oito vías rápidas.

O mandatario galego salientou a importancia desta ampliación para dar prioridade aos pacientes con patoloxías máis graves ou maior risco de complicación. Así, en concreto, detallou que se incorporan tres patoloxías relacionadas coa saúde das mulleres (neoplasia maligna de útero, displasia de colo uterino e displasia vulvar leve e moderada), así como catro tipos de linfomas (linfoma de Hodking, folicular, linfoma non folicular e linfoma de células T/NK maduras).

Igualmente, precisou que se engaden ao sistema de garantías as novas vías rápidas para primeiras consultas externas hospitalarias de cancro de endometrio e de oncohematoloxía, creadas nos últimos anos pero que aínda non tiñan blindadas normativamente as súas garantías.

Ademais, no ámbito da atención a lesións potencialmente malignas do aparello reprodutor feminino, garántense as primeiras probas diagnósticas ou terapéuticas programadas e non urxentes no prazo máximo de 45 días. En concreto, o informe anatomopatolóxico da biopsia endometrial, a histeroscopia, o TAC e as probas de estadiaxe. Aínda así, como no caso de todas as vías rápidas fixadas, o obxectivo do Servizo Galego de Saúde é non superar unha media de 15 días.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O éxito deste sistema implantado en 2018, con máis de 270.000 pacientes beneficiados, leva á Xunta a actualizar seis anos despois este decreto para ampliar as patoloxías recollidas. Unha ampliación solicitada ademais polo Parlamento de Galicia nunha iniciativa aprobada hai un ano sen ningún voto en contra.

O presidente apuntou que, no caso de non ser posible cumprir cos prazos establecidos por lei, o paciente poderá ser derivado á privada tanto para as consultas como para a operación. En todo caso, salientou o feito de que no seis anos que leva en vigor o decreto, "o 100 % dos pacientes beneficiados por esta lei foron atendidos pola sanidade pública"

### **Aposta pola organización baseada nas prioridades clínicas**

Desde a entrada en vigor en 2018 do Decreto polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas, beneficiáronse 272.749 persoas. Máis polo miúdo, con datos a 3 de novembro, atendéronse nos prazos máximos fixados 61.813 persoas para cirurxías, 109.567 en consultas externas e realizáronse 101.369 probas diagnósticas e/ou terapéuticas.

Ata o momento fixéranse como patoloxías con tempos garantidos as patoloxías oncolóxicas malignas, insuficiencia aórtica, aneurismas cerebrais, neoplasias, carcinomas, hidrocefalia ou desprendemento

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA ACEPTA A CESIÓN DUN TERREO NO CONCELLO DE BARRO PARA CONSTRUIR UN NOVO CENTRO DE SAÚDE QUE DUPLICARÁ A SUPERFICIE DO ACTUAL

- A parcela situada en San Antoniño consta de aproximadamente 600 m<sup>2</sup>
- O novo centro de saúde de Barro permitirá habilitar unha área da muller cunha consulta de matrona e incrementar espazos nunha sala polivalente, unha consulta de enfermería pediátrica e unha sala de xuntas para o persoal

O Consello da Xunta autorizou a aceptación por parte do Servizo Galego de Saúde da parcela onde construírá un novo centro de saúde no Concello de Barro e que suporá dobrar o espazo actual ata os 601,26 m<sup>2</sup>.

Como parte do convenio asinado en febreiro entre o Sergas e o Concello, a Xunta asumirá a contratación do proxecto e obra, mentres que a Administración local se comprometía a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos necesarios para posibilitar a cesión gratuíta da parcela, ademais de asumir a exención do IBI e a bonificación do 95 % do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

O plan funcional que se contempla para este novo centro de saúde dótao de catro consultas de adultos, unha sala polivalente, unha sala de toma de mostras, área de pediatría con dúas consultas e unha consulta de matrona, o que supón, con respecto ao centro actual, incrementar nunha sala polivalente, unha consulta de enfermería pediátrica e unha sala de xuntas para o persoal, así como habilitar unha área da muller cunha consulta de matrona.

Así, tras a cesión por parte do Concello, a Xunta construírá o novo centro de saúde de Barro que figura na fase 2 do Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria aprobado polo Consello da Xunta. Pola axilidade ao ofertar unha parcela viable, o Sergas prioriza a proposta do Concello de Barro á espera de terreos concretos doutros municipios con centros incluídos na fase 1.

#### **Infraestruturas de atención primaria na provincia de Pontevedra**

Desde o ano 2009, a Xunta de Galicia construíu ou reformou un total de 115 centros de saúde, o que supuxo actuar sobre máis de 75.000 metros cadrados. En total, a Administración autonómica investiu, nestes 14 anos, máis de 130 millóns de euros en infraestruturas sanitarias de atención primaria.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En particular, na provincia de Pontevedra, nos últimos anos, puxéronse en marcha novos centros de saúde na Parda (Pontevedra), Tenorio (Cerdedo-Cotobade), Vilalonga (Sanxenxo), San Paio de Navia (Vigo), Taboada Leal (Vigo), Panxón (Nigrán), Marín, Oia, Salceda de Caselas, Tui, Gondomar, A Estrada e Bouzas (Vigo), e as reformas de Vilaboa, A Illa de Arousa, Tomiño, Crecente, Valga e Pazos de Borbén, e os centros vigueses de Lavadores e da rúa Cuba, mentres que xa están en marcha as obras de construción do novo CIS de Lalín e xa finalizadas as obras de ampliación do centro de saúde do Porriño, pendente de acometer a súa reforma.

Para continuar con este esforzo, en 2021, o Goberno galego aprobou o Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria, que, no caso da provincia de Pontevedra, prevé a construción de 13 novos centros de saúde e dúas reformas e ampliacións.

Así, a fase 0 do Plan contempla os novos centros de saúde de Vilagarcía, cuxo proxecto está en redacción; o de Soutomaior, con convenio xa asinado e pendente da cesión da parcela; o de Moaña e o novo Centro Integral de Saúde de Vigo, ambos coas obras xa iniciadas.

Na fase 1 prevese novos centros en Caldas de Reis, O Grove, Poio; dous centros integrais de Saúde en Cangas e A Guarda, e a reforma do centro de saúde de Moraña. Destes, o máis avanzado é o de Moraña, onde xa se asinou o protocolo de colaboración co Concello para que proceda aos cambios urbanísticos que permitirán executar a obra de ampliación.

Na fase 2 proxéctanse a construción de novos centros en Meis (con parcela xa cedida e encomendado á Axencia Galega de Infraestruturas), Mos (que se integrará nunha rehabilitación completa do antigo hospital psiquiátrico do Rebullón) e Pontearreas (con protocolo xa asinado co concello), así como a reforma do centro de saúde do Rosal.

A execución simultánea destes proxectos foi posible grazas a que os orzamentos da Xunta de Galicia do 2023 incrementaron os fondos para investimentos en atención primaria nun 65 %, ata os 56 millóns de euros. Para 2024, o proxecto de orzamentos da Xunta prevé continuar con ese aumento ata chegar aos 63,9 millóns de euros para investimentos e transferencias de capital en atención primaria.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA ELEVA EN 2024 ATA OS CASE 11 M€ AS AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA PREVER A VIOLENCIA DE XÉNERO, PROMOVER A IGUALDADE E A CONCILIACIÓN E APOIAR OS CIM**

- O programa da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade -que incrementa nun 17,3 % o seu orzamento con respecto a este ano- está dirixido a concellos, consorcios ou mancomunidades, de xeito individual ou con xestión compartida
- Inclúe tres liñas: 6 M€ para fomentar a conciliación e a corresponsabilidade, case 4,5 M€ para os centros de información á muller (CIM) e 500.000 € para programas de igualdade e de prevención e tratamento da violencia de xénero
- As contías máximas dos apoios oscilan entre os 15.000 euros e os 225.000 euros, segundo a actuación e se a solicitude da entidade local é individual ou compartida

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade investirá en 2024 preto de 11 millóns de euros -un 17,3 % máis que este ano- para apoiar as entidades locais galegas no desenvolvemento de programas para fomentar a conciliación e a corresponsabilidade (6 millóns), para financiar o labor dos centros de información á muller - CIM (case 4,5 millóns) e para promover a igualdade entre mulleres e homes (500.000 euros). A iniciativa, dirixida a concellos, consorcios ou mancomunidades, forma parte do traballo que está a realizar a Xunta para facilitar a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, previr e tratar a violencia de xénero e facer efectiva a igualdade de oportunidades.

O programa, ao que poden concorrer as entidades de xeito individual ou compartido, inclúe, polo tanto, tres liñas de financiamento. Nas accións dirixidas a favorecer a conciliación e a corresponsabilidade no eido local -financiadas a través do Plan Corresponsables- investiranse 6 millóns de euros para a posta en marcha de medidas orientadas a facilitar a conciliación e a corresponsabilidade das familias con menores de ata 16 anos inclusive, tendo prioridade as familias monoparentais, as vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller, desempregadas de longa duración, mulleres maiores de 45 anos ou as unidades familiares en que existan outras circunstancias relacionadas cos coidados.

As axudas máximas a que optan as entidades locais son de 150.000 euros no caso de solicitude individual e de ata 225.000 euros se a xestión é compartida. Apoiaranse, dunha banda, as bolsas de coidado profesional a través de dúas modalidades: para a habilitación de servizos que poidan prestarse no domicilio das familias por un número determinado de horas semanais; ou que teñan lugar en dependencias públicas habilitadas para o efecto, tales como escolas, centros municipais, multiusos, polideportivos ou ludotecas, entre outros. Doutro lado, tamén se conceden axudas para

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

a realización de plans de sensibilización e formación en corresponsabilidade e coidados destinados aos homes e ás familias para promover a perspectiva de xénero e fomentar a corresponsabilidade no eido dos coidados.

### **Apoio aos CIM e á igualdade**

A segunda liña de financiamento deste programa é a dirixida a apoiar o labor dos centros de información á muller (CIM) de Galicia, unha rede composta na actualidade por 84 oficinas que dan cobertura a preto de 200 concellos e atenden unha media de 9.500 mulleres cada ano. Invístense preto de 4,5 millóns de euros a esta actuación para financiar os gastos das persoas profesionais destes centros que desenvolven postos laborais de dirección, asesoramento, xurídico, atención psicolóxica, persoal técnico e axentes de igualdade ou de fomento do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero. Cada entidade local poderá recibir como máximo 45.000 euros e ata 120.000 euros no caso de solicitudes conxuntas.

Estes apoios para financiar o funcionamento dos CIM, que son de titularidade municipal, súmanse ás axudas que se convocaron por primeira vez este ano destinadas tamén ás entidades locais, pero para a mellora e rehabilitación do equipamento destes centros. O Goberno galego con estas iniciativas quere poñer en valor os CIM como recurso esencial na atención integral e de proximidade ás mulleres e, nomeadamente, ás vítimas da violencia de xénero.

O programa que se aproba hoxe no Consello da Xunta inclúe, por último, apoios para a posta en marcha de accións para a promoción da igualdade e de prevención e tratamento da violencia de xénero para o que se dedican 500.000 euros. Neste caso, as entidades locais poden recibir como máximo 15.000 euros no caso dunha solicitude individual e de 28.000 euros se é compartida entre varios concellos.

Os apoios dos tres programas formalízanse mediante a concesión de anticipos para facilitar ás entidades locais o desenvolvemento das súas accións. Outórgase así un adianto do 80 % da contía da axuda concedida, que se fará efectivo unha vez realizada a notificación da resolución de concesión. No programa de apoio aos CIM a contía do anticipo non poderá ser superior ao importe da axuda concedida no exercicio 2023.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA INICIA A TRAMITACIÓN DA NOVA LEI GALEGA DE COOPERATIVAS PARA AXILIZAR A CREACIÓN DE NOVAS ENTIDADES E ESTENDELAS A TODOS OS SECTORES

- O Consello da Xunta aprobou o comezo da tramitación do anteproxecto de lei que permitirá actualizar o marco normativo vixente
- O texto, que contará coas aportacións de entidades do Consello Galego de Cooperativas, aspira a mellorar a competitividade das cooperativas e dixitalizalas
- Galicia conta na actualidade con case 1.700 cooperativas que dan traballo a unhas 6.500 persoas e contan con máis de 63.000 socios
- En 2020 e 2021 creáronse en Galicia máis cooperativas ca nunca e este ano espérase batir un novo récord xa que só no primeiro semestre naceron 90 novas entidades
- A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade incrementará un 3 % o orzamento destinado a impulsar as fórmulas da economía social ata os 43,6 M€

A Xunta iniciará os traballos para que a comunidade conte en 2024 cunha nova lei de cooperativa que terá por finalidade flexibilizar e facilitar a creación de novas entidades e axudar a que as existentes avancen na súa profesionalización e dixitalización.

Trátase de adaptar o actual marco regulador, que data de 1998, ao novo contexto socioeconómico, e de dar o impulso definitivo a este modelo. Así, o Goberno galego pretende dotar as cooperativas de ferramentas e métodos organizativos para mellorar a súa xestión diaria. Tamén aspira a reforzar a parte social no fomento dos principios de igualdade, conciliación e responsabilidade social, buscando unha composición equilibrada nos seus órganos sociais, entre outras medidas.

A norma -que se está a deseñar a través dun proceso participativo aberto no seo do Consello Galego de Cooperativas- quere estimular a presenza de entidades en todos os sectores de actividade. Para acadalo, simplifícaranse todos os trámites, dinamízase o procedemento de toma de decisións e modernízase o Rexistro de Cooperativas, mediante a súa dixitalización.

Con esta iniciativa, a Xunta cumpre co seu compromiso de apoio ao modelo de cooperación, que preconiza fórmulas de goberno democráticas e participativas. A resistencia do cooperativismo ante momentos críticos acredítase cunha menor destrución de emprego e pola toma de decisións colectiva, onde o obxectivo nunca é maximizar os beneficios senón obter os ingresos necesarios para continuar coa actividade económica.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre outros aspectos, o Goberno galego quere poñer en valor que as cooperativas non tenden a deslocalizarse, é dicir, a maioría das persoas que traballan nelas son socias, polo que acadan un compromiso coa súa contorna, con taxas moi estables de emprego. Estas entidades apenas rexistran conflictividade laboral e contribúen a combater a despoboación. O emprego que crean está directamente vencellado ao territorio.

En 2021 e 2022 creáronse en Galicia máis cooperativas que nunca. Este 2023 apunta a que se vaia superar un novo récord, con 90 entidades creadas soamente no primeiro semestre.

Nos últimos quince anos, naceron en Galicia un total de 1.088 cooperativas, a meirande parte no sector servizos, cando tradicionalmente tiñan encaixe case de xeito exclusivo no sector agrario e gandeiro. No período 2019-2022 logrouse acadar a paridade entre homes e mulleres promotores.

A fortaleza do cooperativismo estase a reflectir tamén en termos económicos. No ano 2022, facturou máis de 3.300 millóns de euros, un 4,7 % do PIB galego. Un total de 21 cooperativas galegas sitúanse entre as 600 máis relevantes do Estado e o número de persoas socias supera as 63.000. A 31 de decembro de 2022, o número de cooperativas activas na comunidade era de 1.689, dando traballo a case 6.500 persoas.

En 2024, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade seguirá a apostar pola economía social, cun orzamento que experimenta un incremento dun 3 %, chegando a máis de 43,6 millóns de euros para seguir a actuar en tres grandes eixos: a difusión da economía social; creación e consolidación de iniciativas e promoción do emprego inclusivo.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA A ESTRATEXIA DE IMPULSO AO EMPREGO AUTÓNOMO CUN ORZAMENTO QUE SUPERA OS 360M€ ATA 2027 PARA ESTIMULAR A COMPETITIVIDADE DO COLECTIVO**

- A Axenda Impulso Autónomo Horizonte 2027 foi elaborada no marco da Mesa do Emprego Autónomo, na que están representadas as principais entidades do colectivo
- Aspira a potenciar a calidade dos novos proxectos empresariais, fortalecer o ecosistema competitivo do emprego autónomo e avanzar no seu marco de cogobernanza para dinamizalo
- Entre outras medidas, artellaranse packs de inicio do autoemprego que combinarán formación, asesoramento e axudas ao investimento, con 147M€ de orzamento
- Crearase tamén o espazo Crece Autónomo para a cualificación especializada
- O orzamento da actual estratexia duplica o da súa predecesora que, entre 2017 e 2020, favoreceu cerca de 17.000 novas altas no réxime autónomo

O Consello da Xunta aprobou hoxe a nova estratexia que rexerá as políticas públicas de impulso ao traballo autónomo durante os próximos 5 anos: Axenda Impulso Autónomo Horizonte 2027. O marco pretende fortalecer o ecosistema competitivo do traballo por conta propia e potenciar a calidade dos novos proxectos no período 2023-2027.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade traballou da man das principais entidades do colectivo representadas na Mesa do Emprego Autónomo (UPTA-Agtamar, ATA e APE) no deseño de cada unha das medidas.

A nova Axenda conta con máis de 360 millóns de euros de orzamento e estará artellada en 3 eixos de traballo. O primeiro, centrado en potenciar a calidade dos novos proxectos de autoemprego acapará 170M€; o segundo, focalizado en fortalecer o ecosistema competitivo do emprego autónomo contará con 187M€; e o terceiro, que traballará para avanzar no marco de cogobernanza para dinamizar o emprego autónomo disporá de algo máis de 2 M€.

Entre outras medidas concretas, o marco permitirá seguir a impulsar a Rede de polos de emprendemento e a posta en marcha do Pack de inicio do autoemprego que, combinando formación, asesoramento e axudas ao investimento permitirá a posta en marcha de novos negocios con maiores niveis de calidade.

A Xunta de Galicia seguirá ata 2027 a reforzar as liñas de axuda específicas, incluíndo a nova medida que se activará este 2024 e que librará aos novos autónomos -os dados de alta entre o 30 de setembro de 2023 e o 30 de setembro de 2024- de pagar a cota do

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

régime durante os primeiros 12 meses de actividade, unhas contías que asumirán as arcas autonómicas.

A estratexia prevé, ademais, a creación do Espazo Crece Autónomo, para a formación de calidade especializada e o impulso dun espazo virtual de demostración de sistemas tecnolóxicos e de mercado.

Parte das novas medidas afondarán na mellora da seguridade e saúde laboral e no benestar, para que os traballadores por conta propia poidan mellorar tamén a súa calidade de vida. O Goberno galego quere seguir, así, a incidir nos apoios á conciliación no ámbito do emprego autónomo e en aspectos como a necesaria remuda xeracional como fórmula de mantemento dos negocios tras a xubilación das persoas titulares.

A nova Axenda incardínase no Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030 para definir as liñas mestras a desenvolver para impulsar o emprego autónomo en Galicia ata o ano 2027.

Durante a anterior Estratexia Autónoma 2017-2020, e a pesares da súa coincidencia no tempo coa pandemia, a Xunta de Galicia apoiou a incorporación ao emprego autónomo de 16.704 persoas -3.913, menores de 30 anos- cun investimento global de máis de 160 millóns de euros (40 millóns de euros ao ano).

Galicia é cun 20% do total de afiliados a 1ª CCAA con maior peso deste colectivo no total de cotizantes a nivel estatal. A peche de setembro a comunidade sumaba 214.221 profesionais autónomos de alta no réxime especial e do mar.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DE GALICIA IMPULSARÁ O RELEVO XERACIONAL DOS NEGOCIOS EMPRAZADOS NO RURAL A TRAVÉS DA REDE DE POLOS DE EMPRENDEMENTO E APOIO AO EMPREGO**

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Fundación Juana de Vega para poñer en marcha o programa Remuda
- A Rede detectará as actividades económicas carentes de relevo para despois ofrecer ás persoas interesadas en emprender a posibilidade de recoller o testemuño dun negocio xa viable economicamente
- Propiciarase o contacto entre os titulares das empresas cos novos emprendedores prestándolles o acompañamento necesesario no proceso para o traspaso
- O convenio tamén inclúe por parte de Juana de Vega o desenvolvemento das actividades necesarias previas á posta en marcha dos tres novos polos de Vilanova de Arousa, Sarria e Baños de Molgas

A Xunta de Galicia porá en marcha un novo programa para facilitar a remuda xeracional daqueles negocios que se detecten que estean a pechar por falta de relevo. A través da Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego tratarase de identificar estas actividades económicas carentes de remuda xeneracional, ben pola xubilación, incapacidade ou outras causas que afectan os seus titulares, que deixan aos concellos, especialmente aos do rural, sen os servizos que se ofrecen a través destas empresas.

Para levar a cabo esta iniciativa, o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Fundación Juana de Vega por valor de 160.000 euros. Esta actuación permitirá a posta en marcha do programa Remuda polo que se ofrecerá a persoas interesadas en emprender a oportunidade de recoller o testemuño dun negocio xa viable economicamente, prestándolles, a través da Rede, o acompañamento necesario no proceso do traspaso.

Trátase de poñer en contacto aos titulares do negocio cos novos emprendedores interesados, o que exige, por parte dos polos, levar a cabo actuacións adicionais e de maior alcance, que permitan acadar mellores resultados.

En definitiva, esta acción do Goberno da Xunta busca que novos emprendedores asuman o relevo desas liñas de negocio que se detecten que van pechar, o que redundará no mantemento de servizos e, en definitiva, do tecido socio-económico destes territorios.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### Tres novos polos

Así mesmo, o convenio de colaboración inclúe o desenvolvemento por parte da Fundación Juana de Vega das tarefas necesarias para a integración na Rede de polos de emprendemento dos tres novos (os de Sarria, Baños de Molgas e Vilanova de Arousa) que están previstos que inicien a súa actividade antes de que remate o ano.

A Xunta con estas actuacións autorizadas hoxe polo Consello da Xunta está a dar un pulo ao emprendemento en Galicia. A Administración autonómica está a crear unha rede de emprendemento unificada e coordinada para o impulso de todas as iniciativas empresariais na comunidade, que aglutinará todos os instrumentos que existen actualmente ou están en proceso de creación.

No que se refire á Rede de polos, na actualidade están dez en activo: os de Mondoñedo, Friol, Monforte e A Fonsagrada, na provincia de Lugo; Coristanco e Ferrol (na Coruña); Verín, O Carballiño e O Barco de Valdeorras (en Ourense); e o de Silleda (en Pontevedra). En vindeiras datas estarán tamén operativos os polos do Porriño e Melide, e antes de que acabe o ano uniranse tamén a esta rede os de Sarria, Baños de Molgas e Vilanova de Arousa.

Desde os polos estanse a avaliar as potencialidades de negocio vinculadas aos territorios onde se desenvolvan os proxectos empresariais. A Xunta de Galicia con esta actuación está a desenvolver unha nova forma de emprender, acompañando as persoas emprendedoras en todas as súas etapas. A Rede comezou a operar en xullo de 2022 e hoxe leva atendido máis de 700 persoas emprendedoras en toda a comunidade, coas que se realizaron preto de 2.200 sesións de traballo conxunto -titorías- para guialas e darlles apoio nos seus retos de emprendemento.

Cabe destacar tamén que arredor do 10 % dos que acoden aos polos proceden de fóra de Galicia, a metade deles retornados. Na outra metade, destacan os que veñen a Galicia para buscar mellores oportunidades profesionais, deixar atrás as condicións do seu país ou pola calidade de vida percibida na comunidade galega.

No eido do emprendemento, ademais do reto de seguir impulsando a Rede, o Goberno galego traballa na elaboración dunha nova estratexia do emprendemento. A Xunta de Galicia está a potenciar, como nunca antes, este ámbito. Por iso, os orzamentos da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para 2024 inclúen unha partida de 30,6 millóns de euros para promover o emprendemento, o que supón un aumento do 51,6 %.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA SACA A CONCURSO O CONTRATO PARA AS SETE OFICINAS PRESENCIAIS E A SEDE VIRTUAL QUE ASESORARÁN OS BENEFICIARIOS DAS AXUDAS DO NOVO FEMPA**

- A empresa adxudicataria terá que poñer á disposición o equipo humano e técnico para prestar o servizo en Vigo, Pontevedra, Vilagarcía de Arousa, Ribeira, A Coruña, Ferrol e Viveiro, ademáis de crear o espazo dixital
- Estipúlase unha vixencia inicial de dous anos cun importe de licitación de preto de 4 millóns de euros, e inclúe a posibilidade de prórroga por 12 meses
- Esta ferramenta pretende ser un reforzo para a Consellería do Mar e evitar que se reproduzan obstáculos que limitaron a execución financeira do FEMP

O Consello da Xunta aprobou hoxe iniciar a tramitación do concurso do servizo de asesoramento a posibles beneficiarios das axudas á pesca, á acuicultura, á transformación e a comercialización dos produtos do mar e cultivos mariños xestionadas pola Consellería do Mar e financiadas polo novo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (Fempa). Esta licitación permitirá prestar un servizo híbrido que permitirá a apertura dunha rede de sete oficinas para asesorar de forma presencial nas localidades de Vigo, Pontevedra, Vilagarcía de Arousa, Ribeira, A Coruña, Ferrol e Viveiro, así como unha oficina virtual para o asesoramento telemático mediante a creación dun espazo dixital con toda a información.

Este contrato responde ao anuncio realizado polo presidente do Executivo galego, Alfonso Rueda, durante a súa intervención no debate sobre o estado da autonomía o pasado 10 de outubro. Alí sinalou que o obxectivo desta nova rede é a de contribuír a aproveitar cada euro do novo fondo comunitario para o sector. A Consellería do Mar pretende con esta e outras medidas que non se reproduzan algúns dos obstáculos que impediron unha eficiente execución financeira do FEMP que acaba este 2023.

O valor polo que sae a concurso esta nova rede é de preto de 4 millóns de euros (3.947.562,49 €) e terá unha duración inicial de 2 anos, prorrogables durante 12 meses máis. O adxudicatario do concurso terá que encargarse de buscar e propoñer os locais e sufragar os seus custos. Sobre a localización definitiva terá a derradeira palabra a Xunta.

A empresa contratista deberá participar nos traballos de promoción e difusión deste servizo e na captación de destinatarios dos servizos. Tamén asesorará á Consellería do Mar sobre os aspectos susceptibles de mellora para impulsar os principios de boa xestión financeira, de eficacia e de redución da carga administrativa.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto aos medios humanos, terá que contarse cun equipo centralizado do proxecto, por unha banda, e polos asesores que atenderán cada oficina, pola outra. O primeiro estará composto, como mínimo, polos perfís de director do proxecto, responsable do plan de asesoramento, un encargado do plan de comunicación, un experto en redes sociais e dous consultores en xestión do cambio. Todos deben titulación superior universitario e coñecementos demostrables na realización de proxectos coa Administración pública, ademais de en asesoramento empresarial e experiencia probada.

En canto ao equipo das oficinas de asesoramento presencial estará composto por sete persoas, todos titulados superiores universitarios e ademais de poder demostrar que xa realizaron proxectos para as administracións, deberán acreditar coñecementos en asesoramento empresarial, en transformación dixital e sobre fondos europeos a empresas, así como un mínimo de experiencia de 2 anos.

A combinación desta rede situada nas principais áreas vinculadas ao sector marítimo-pesqueiro galego e a súa industria transformadora, xunto cos servizos dixitais que se porán en marcha perseguen prestar o mellor asesoramento particularizado ás necesidades de cada destinatario dos servizos. O obxectivo final é incrementar os investimentos ligados ás axudas do Fempa, o que redundará nunha maior creación de emprego e potenciará as economías locais das zonas onde se executan os proxectos e, en xeral, contribuír xerar riqueza e a elevar o PIB de Galicia.

### **Obxectivos e recursos do fondo**

O novo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa), que a partir do 2024 será único mecanismo financeiro para as políticas marítimo-pesqueiras da UE, ten como prioridades o fomento da pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos; o desenvolvemento de actividades acuícolas sustentables; e potenciar a transformación e comercialización dos produtos que utilizan estas materias primas.

Hai preto dun ano, o pasado 29 de novembro de 2022, a Comisión Europea aprobou o programa operativo para España do Fempa, fondo do que España é o principal país receptor, co 21,1 % do total, 1.120 millóns de euros. Desta cantidade, o Estado reserveuse 233,4 millóns de euros e deixou os restantes 886,6 millóns para as comunidades. Galicia percibirá máis catro de cada dez euros destinados ás autonomías, con 366,2 millóns de euros para a totalidade da vixencia do novo fondo, que alcanzará ata finais desta década.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA A CREACIÓN DUNHA UNIDADE ESPECIALIZADA DE AXENTES MEDIOAMBIENTAIS PARA VELAR POLA PROTECCIÓN E A CONSERVACIÓN DA GALICIA VERDE**

- Destaca que a medida converterá a Galicia na primeira Comunidade en dotarse cun equipo altamente cualificado e con capacidade para intervir a nivel autonómico, dedicado a previr, indagar e perseguir actuacións que poñan en risco a conservación do patrimonio natural e da biodiversidade galega
- Avanza que a futura brigada asumirá a investigación de condutas graves no eido natural, entre as que citou a detección do uso ilegal de velenos e infraccións na caza ou na pesca continental
- A medida complementará a aposta da Xunta pola regulación normativa das áreas protexidas e o esforzo inversor realizado neste eido nos últimos cinco anos
- No período 2019-2023 o Executivo galego destinou case 195 M€ á protección, mellora e posta en valor da Rede Natura, dos 6 parques naturais, do parque nacional, das 7 reservas de biosfera e das zonas húmidas e ríos da Comunidade
- Destacan as convocatorias de axudas por 21,1 M€ dirixidas a concellos, particulares e entidades para realizar actuacións nestas zonas, proxectos ambiciosos como *Mil Ríos* ou *Life Insular* e programas de referencia como a cría *ex situ* da pílbara das dunas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, puxo en valor hoxe a futura creación e posta en marcha dunha unidade especializada de axentes ambientais co fin de velar pola conservación da Galicia verde a nivel autonómico a través de medidas que incidan tanto na prevención como na investigación de actuacións graves que atenten ou poidan poñer en perigo o patrimonio natural da Comunidade.

Así se recolle no informe que presentou esta mañá ante o Consello a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e no cal se detallan as principais actuacións que vén de realizar a Xunta nos últimos cinco anos co obxectivo común de garantir a preservación dos espazos naturais e das especies que albergan.

De cara ao futuro e para seguir avanzando na mesma liña, o mandatario galego explicou que a principal novidade será a formación dun equipo especializado e altamente cualificado (con formación e preparación física axeitadas ás funcións) para indagar e perseguir actuacións que poñan en risco a conservación do patrimonio natural e da biodiversidade. Cunha dotación inicialmente prevista de 8 persoas pertencentes á escala de axentes ambientais, a futura unidade actuará en toda Galicia polo que terá o carácter de brigada móbil.

O presidente galego adiantou que o seu labor consistirá en asumir a investigación, coordinación e intervención inmediata ante situacións relacionadas cos seguintes

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ámbitos: detección de uso ilegal de venenos, infraccións na caza de especies silvestres, na pesca continental e na conservación natural cando así o requira a urxencia, relevancia ou especialidade dos feitos.

Rueda salientou que coa posta en marcha desta unidade Galicia converterase na primeira comunidade en contar cunha brigada de axentes medioambientais especializada na conservación do patrimonio natural, que abordarán determinadas materias que, pola súa complexidade e carga de traballo, requiren dunha especial dedicación, coñecementos específicos, habilidades e competencias particulares e que, ademais, deba facerse de forma coordinada e cunha estratexia única en todo o territorio autonómico.

De feito e como novidade, a galega será a primeira brigada prevista na normativa autonómica exclusivamente para investigar, coordinar e intervir no eido das infraccións relativas á conservación natural, á caza e á pesca e á detección do uso ilegal de venenos.

Tras informar esta mañá ao Consello, a Xunta abrirá de seguido un proceso de diálogo social cos sindicatos que representan ao colectivo para chegar a un acordo sobre a organización, funcionamento e provisión de postos do equipo.

### **Avances normativos e esforzo inversor**

A futura unidade de investigación para a conservación da natureza (Uicon) virá complementar o labor que xa realizan agora os 165 axentes adscritos á Vicepresidencia Segunda, que exercen sobre o terreo funcións de policía, custodia e vixilancia dos bens de natureza ambiental e asumen un papel activo en moitas das accións impulsadas para velar pola conservación do patrimonio natural e na aplicación da normativa vixente.

Neste sentido, o informe *Galicia verde 2019-2023* detalla as principais actuacións realizadas pola Xunta neste período para preservar os espazos naturais, así como as diferentes especies que neles habitan, destacando en especial a aposta polas actuacións impulsadas no eido normativo e o esforzo inversor realizado neste capítulo.

Entre os fitos máis importantes dos últimos cinco anos cómpre salientar a entrada en vigor da nova Lei de patrimonio natural e da biodiversidade, ao tempo que se completou a aprobación dos plans reitores e de usos e xestión dos 6 parques naturais galegos e do Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Neste período tamén se lle deu luz verde aos plans de conservación dos monumentos naturais Souto da Retorta e Fraga de Catasós, se aprobou a orde reguladora do uso público nos illotes dos Guidoiros (Areoso) e illa da Rúa e se avanzou na redacción e tramitación dos instrumentos de ordenación correspondentes a Costa de Dexo, A Carballa da Rocha, Serra de Pena Corneira e Penedos de Pasarela e Traba.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto aos investimentos, o informe recolle tamén que no período 2019-2023 o Executivo galego destinou case 195 millóns de euros a garantir a protección, mellora e posta en valor da chamada Galicia verde, con especial atención ás zonas Rede Natura, aos 6 parques naturais, ao parque nacional, ás 7 reservas de biosfera, ás zonas húmidas, ríos e outros espazos protexidos da Comunidade, en que o 42 % do territorio está amparado baixo algún tipo de figura de protección.

En concreto, cómpre destacar os 21,1 millóns de euros mobilizados nos últimos anos a través das sucesivas convocatorias de axudas para impulsar accións e proxectos en diferentes espazos protexidos dirixidas a concellos, particulares, empresas, asociacións e outro tipo de entidades, incluídos os órganos xestores das reservas de biosfera que non están baixo a titularidade da Xunta.

### **Actuacións directas e con socios colaboradores**

A Xunta tamén executou neste período actividades de posta en valor do patrimonio natural e de protección de determinadas especies grazas a convenios subscritos con diversos organismos do eido educativo—como as tres universidades galegas ou o Centro de extensión universitaria e divulgación ambiental de Galicia—, ou entidades sen ánimo de lucro como a Coordinadora para o estudo dos mamíferos mariños.

Así mesmo, merecen unha mención especial dous proxectos plurianuais liderados polo Goberno galego e cunha incidencia directa sobre a natureza e a biodiversidade. Son, en concreto, o proxecto *Mil Ríos*, un conxunto de accións para a recuperación e restauración de zonas húmidas e espazos fluviais da Comunidade, cun investimento de 5 millóns de euros e grazas ao cal se mellorará a resiliencia de 260 km de ríos galegos.

O outro proxecto é o *Life insular*, unha iniciativa de carácter transnacional liderada por Galicia cuxo fin é lograr a restauración integrada dunha serie de hábitats propios das illas do Océano Atlántico, entre as que destacan 3 das 4 Illas Atlánticas (Cíes, Ons e Sálvora), e cun orzamento de 5,2 millóns de euros.

No parágrafo da biodiversidade e da conservación de hábitats cómpre salientar a elaboración dos censos do oso pardo cantábrico (de forma conxunta con Asturias, Cantabria e Castela e León) e do lobo ibérico en Galicia e tamén proxectos pioneiros que son xa todo un referente como o programa de conservación *ex situ* (en cativeiro) da pílbara das dunas e o do mazarico real, dirixidos por persoal da Xunta e que se desenvolven desde hai anos nos centros de recuperación de fauna de Cotobade e Oleiros.

Neste capítulo tamén cómpre mencionar as actuacións para a conservación *ex situ* das náides que se levan a cabo, neste caso, no centro ictioxénico do Veral (Lugo) en colaboración coa Universidade de Santiago.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por último, no período 2019-2023 déuselle un pulo especial ás accións de voluntariado ambiental en espazos naturais especialmente senlleiros, cunha mención particular ao programa de voluntariado interxeracional impulsado en 2021 xunto á Consellería de Política Social e Xuventude e en que participaron xa preto de 1.600 persoas. Coa finalidade de sensibilizar a cidadanía e fomentar o respecto polo patrimonio natural pola vía da participación activa, as accións de voluntariado xunto coas de divulgación ambiental tamén contribuíron a protexer e preservar a Galicia verde.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA ABOARÁ ESTE MES DE NOVEMBRO AOS EMPREGADOS PÚBLICOS AUTONÓMICOS A SUBA ADICIONAL DO 0,5% DAS RETRIBUCIÓN S PARA COMPENSAR OS EFECTOS DA INFLACIÓN**

O incremento adicional aplicarase con efectos do 1 de xaneiro de 2023 e calcularase sobre as retribucións vixentes a 31 de decembro de 2022

A Xunta aboará este mes de novembro aos empregados públicos autonómicos a suba adicional do 0,5% das retribucións para compensar os efectos da inflación. Este incremento adicional aplicarase con efectos do 1 de xaneiro de 2023 e calcularase sobre as retribucións vixentes a 31 de decembro de 2022.

A situación económica xerada pola invasión de Ucraína por parte de Rusia e pola crise enerxética, motivou un aumento do coste de vida polo impacto da inflación, o que provocou a posta en marcha de medidas para intentar paliar os efectos no poder adquisitivo dos empregados e empregadas públicos.

Se temos en conta este incremento do 0,5% e o aumento do 2,5% xa previsto no artigo 11.2 da lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, o incremento total das retribucións dos empregados públicos no exercicio vixente ascende ao 3%. O custe total deste incremento retributivo é de 23,8M€ e suporá un incremento medio de 180 € por empregado público da Administración xeral.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA APOIARÁ 700 PEMES E AUTÓNOMOS DO SECTOR SERVIZOS NA MELLORA DAS INSTALACIÓNS ENERXÉTICAS

- O Consello da Xunta avalía a convocatoria do Bono enerxía peme 2024 que contará cun orzamento de 3 M€ para actuacións de asesoramento enerxético profesional, mellora da envolvente, iluminación, instalacións eléctricas, equipamento, climatización e instalacións inmóticas para mellorar a xestión enerxética
- Os apoios favorecerán a mobilización de máis de 7 M€ de investimentos, así como unha redución de consumo duns 3.400 MWh/ano e a creación ou mantemento de 58 empregos

A Xunta destinará en 2024 un total de 3 M€ á nova convocatoria do programa Bono enerxía peme, co obxectivo de facilitar a mellora das instalacións enerxéticas de ao redor de 700 pemes e autónomos.

O Consello da Xunta avaliou esta mañá a nova edición deste programa que aspira a mobilizar 7 M€ de investimentos, así como unha redución do consumo duns 3.400 MWh/ao ano, unha diminución de emisións equivalente a acción de plantar 51.000 árbores e a creación ou mantemento de 58 postos de traballo.

As axudas cubrirán a instalación de elementos de control solar e térmico; a renovación de equipos de iluminación interior e exterior -incluíndo rótulos e escaparates-, por outros que utilicen tecnoloxía LED; a mellora de eficiencia enerxética en instalacións eléctricas garantindo unha subministración con calidade e fiabilidade; a renovación de equipamento consumidor de enerxía como cafeteiras, lavalouzas, lavadoras; equipamentos que permitan reducir o consumo de enerxía das instalacións de climatización, ventilación e auga quente sanitaria; e sistemas domóticos e inmóticos para xestionar a enerxía e o gasto de forma eficiente. Ademais, mantense a axuda para asesoramento enerxético, consistente na realización de diagnoses e auditorías enerxéticas.

A intensidade de axuda será do 80 % ata un máximo de 6.000 euros por centro de traballo. A axuda do bono asesoramento enerxético non computa a efectos deste límite máximo. Ademais, os beneficiarios poderán solicitar un anticipo de ata o 50 % da axuda sen necesidade da presentación de avais.

Esta é a cuarta convocatoria deste programa que, ata o momento, xa apoiou máis de 2.400 actuacións cunha axuda de 10,17 M€ e que pretende reducir os custos enerxéticos de pemes e autónomos nun contexto de elevado prezo enerxético para aumentar a súa competitividade. Á vez, contribúese a aumentar a seguridade das instalacións, mellorar

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

o ambiente e proporciónanse as ferramentas necesarias para avanzar na descarbonización.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O ENSINO GALEGO SERÁ O PRIMEIRO EN INCORPORAR UN MODELO DE EDUCACIÓN PATRIMONIAL RECOÑECIDO POLA UNESCO

- A Consellería de Educación e a asociación cultural Ponte... nas Ondas! colaboran na implantación desta iniciativa en 20 centros nunha primeira fase
- O obxectivo é contribuír, desde a escola, á salvagarda do patrimonio cultural inmaterial mediante espazos e accións para sensibilizar ás xeracións máis novas
- A importancia deste modelo debaterase a próxima semana con motivo do congreso "Patrimonio inmaterial e educación. Ponte entre escola e sociedade" en Ourense

A Xunta de Galicia vaise converter na primeira comunidade autónoma do Estado en incorporar ao seu sistema educativo público o modelo internacional de educación en materia de patrimonio Ponte... nas Ondas!, recoñecido pola Unesco fai un ano.

O Consello da Xunta avaliou un informe da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades sobre a implantación deste modelo que ten como finalidade a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial mediante a sensibilización das xeracións máis novas desde a escola con actividades culturais e pedagóxicas.

Isto converte a Galicia en pioneira en contar con centros que traballan cun modelo de boas prácticas recoñecido pola Unesco desde hai un ano, e que vai ser referencia a nivel internacional, pois non existe actualmente ningunha rede de ensino formal impulsada desde un goberno. Así, o sistema educativo galego será un exemplo en materia de sensibilización co patrimonio desde a infancia.

A incorporación desta acción ao sistema educativo farase a través dunha convocatoria aberta a todos os centros públicos que está ultimando a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades. Nesta primeira fase, con carácter experimental, poderanse adherir un total de 20 centros públicos das etapas de infantil, primaria, ESO e bacharelato. Os seleccionados pasarán a formar parte da Rede de centros Ponte... nas Ondas!

#### **Escola, radio, patrimonio e lazos coa lusofonía**

O modelo Ponte... nas Ondas! naceu da man da Asociación Cultural e Pedagóxica que leva o seu mesmo nome no ano 1995 na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, como fórmula para favorecer o estreitamento dos lazos entre a comunidade educativa das escolas do sur de Pontevedra e do Alto Minho co ámbito da lusofonía e para tender pontes de comunicación entre galegos e portugueses. A este obxectivo, en 2002 incorporouse o compromiso para a recuperación e difusión do Patrimonio Cultural Inmaterial común para Galicia e Portugal. E o pasado ano, o XVII Comité

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Intergubernamental da UNESCO aprobou a súa inscrición no Rexistro de Boas Prácticas do Patrimonio Cultural Inmaterial da UNESCO como un modelo de referencia.

Agora, a Consellería de Educación, de xeito paulatino, vai incorporar este modelo ao sistema educativo público galego, a través do cal se busca reforzar a implicación dos nenos e mozos nas súas propias tradicións e crear conciencia sobre a importancia do patrimonio cultural inmaterial, a valorización do propio e garantir a transmisión ás novas xeracións ao tempo que seguir traballando en afianzar os lazos coa lusofonía e o vínculo con Portugal. Así pois, a través da participación en Ponte... nas Ondas! os centros educativos contarán cunha serie de recursos e serán recoñecidos como centros Ponte... nas Ondas! Modelo de boas prácticas co patrimonio cultural inmaterial (PCI).

Unha mostra do bo funcionamento deste modelo internacional é a celebración do 6º Congreso internacional *Patrimonio inmaterial e educación. Ponte entre escola e sociedade*, que se celebrará entre os días 16 e 18 de novembro en Ourense e Portugal. Esta cita, organizada pola Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... nas Ondas! coa colaboración da Xunta de Galicia, entre outras institucións, coincide co 20 aniversario da Convención de Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI) da Unesco.

### Plan Proxecta

A ampliación do modelo internacional Ponte... nas Ondas! reforza a aposta polo patrimonio no sistema educativo. Unha liña en que a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades xa está traballando a través doutras iniciativas enmarcadas no Plan Proxecta, acción que fomenta o traballo cooperativo, interdisciplinar e competencial en determinados ámbitos.

No caso concreto do patrimonio, os centros materializan estas competencias a través de iniciativas como *Cinema en curso*, *Mestres gandeiros*, *Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional* ou *Vexo, veo, Xacobeo*.